

# BASES “PREMIO DO PÚBLICO” PARA VI EDICIÓN DO CONCURSO DE INTERPRETACIÓN MUSICAL “MESTRE VIDE”

O “Premio do Público” do Concurso de Interpretación musical “Mestre Vide” outorgarase ao finalista de calquera das categorías (A, B e C) que se presentan que obteña ou obteñan o maior número de votos do público que acuda “in situ” a un ou a varios concertos que terán lugar o sábado 6 de abril de 2024 no auditorio do Conservatorio Profesional de Música de Ourense.

- Ao entrar no Auditorio, ANTES DE EMPEZAR CADA UNHA DAS CATEGORÍAS, cada asistente ao concerto recolleremos unha papeleta de votación cos nomes de participantes inscritos na categoría que corresponda (A, B ou C), relacionados por orde de actuación. MARCAREMOS DOUS DOS PARTICIPANTES e introduciremos a papeleta na urna situada á saída do auditorio, ao remate das interpretacións de todos/as os/as participantes da categoría que corresponda.
  - **Non se facilitarán papeletas para votos unha vez empezadas as actuacións da categoría que se vote e tampouco se admitirán cubertas para a urna as entregadas antes do remate da quenda.**
  - **As papeletas que non teñan dúas marcas ou que presenten emendas ou anotacións serán anuladas.**
- A directora do Conservatorio profesional de música de Ourense e algún membro da directiva da ANPA do mesmo, presenciaron o precintado e desprecintado da urna, así como el recuento das papeletas.
- Feito o recuento, cubrirose unha acta reflexando o resultado en cada unha das Categorías e, posteriormente, se remitirá en sobre pechado, xunto coas papeletas depositadas, ao tribunal do Concurso.
- O/s nome/s do/s gañador/es do “Premio do Público” darase a coñecer xunto co resto de premios ó remate do concurso durante a cerimonia de entrega dos mesmos.
- A dotación do Premio consistirá na entrega dun cheque e diploma conmemorativo por cada unha das categorías. O importe dos respectivos cheques será de 150€ (categorías A), 100€ (Categorías B), e 60€ (Categoría C).
- O importe dos cheques será a trocar por importes equivalentes en compras en calquera tenda de música, de libre elección dos/as agraciados/as, non efectuándose a entrega do valor en efectivo aos diferentes premiados.
- No caso de que en algunha das categorías houbera máis de un/ha participante que acadase a primeira posición coa mesma cantidade de votos, o importe do/s cheque/s correspondente/s será/n compartido/s.
- As decisións da Dirección do Concurso respecto a todos os aspectos deste Premio son definitivas e vinculantes.

